

FALLEN LEAVES

Aki Kaurismäki, 2023

1217

ESTREA EN NUMAX: 27.12.2023 | V.O.S.G. | +12 | 81 min

A historia de dúas persoas solitarias que se encontran por casualidade na noite de Helsinki e tentan atopar o primeiro, único e último amor das súas vidas. O seu camiño cara a esta honrosa meta vese empañado polo alcolismo do home, números de teléfono perdidos e a tendencia xeral da vida a poñer obstáculos no camiño de quen busca a felicidade.

Filme subtítulado ao galego grazas ao apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística

«Kaurismäki abraza a Chaplin para
compoñer un deslumbrante alegato
á dignidade do proletariado.

Marabillosa»

Álex Montoya, FOTOGRAMAS



Entrevista con Aki Kaurismäki: «Non me gusta poñer ordenadores nas miñas películas porque son moi feos»

Por Jaime Pena

Ao escoitar a súa rolda de prensa en Cannes, sorprendeume oírle dicir que *Fallen Leaves* era a cuarta parte da chamada 'triloxía do proletariado', a que compoñían *Sombras no paraíso* (1986), *Ariel* (1988) e *A rapaza da fábrica de mistos* (1990). Foi unha broma, todo o mundo sabe que unha triloxía se compón de tres partes, aínda que tematicamente é moi similar, ao centrarse na clase traballadora, ou na clase máis baixa, nunha sorte de historia de amor.

En parte a sorpresa viña da súa anterior película, *O outro lado da esperanza* (2016), que se anunciou no seu momento como a segunda parte dunha triloxía sobre cidades portuarias que empezaría con *Le Havre* (2011). Planea completar esa triloxía nalgún momento? Teño que atopar algo que mereza a pena, o primeiro é atopar as historias. Nesas dúas primeiras películas o que quería era mostrar a vida dos refuxiados e facer un comentario político, había un tema que tratar.

As súas películas tiveron sempre algo entre intemporal e anacrónico na súa ambientación, os coches, as radios, o mobiliario, que parece remitir aos anos cincuenta ou sesenta. Con todo estes últimos filmes, ao mesmo tempo, tratan temas moi actuais e están moi ligados ao tempo presente. Isto podes comprobalo coas películas de Jim Jarmusch, que é de onde vén. O que si podo dicir é que as miñas están ambientadas na época dos seus coches: o coche máis novo que vexas, ese é o ano en que suceden. Gústame mesturar os anos cincuenta cos sesenta, os sesenta cos setenta. Non me gusta poñer ordenadores nas miñas películas porque son moi feos. Tampouco móbiles, un teléfono dos vellos é moito máis cinematográfico. E así e todo...

En *Fallen Leaves* hai moitos elementos, tanto na trama como nas súas referencias, que me lembran moito a *Nubes pasaxeiras* (1996). Está de acordo? Bueno, eu diría que ten ideas de polo menos outras cinco películas, as centradas en mulleres. Por iso espero que o filme teña éxito en España entre o público feminino, e menos cos espectadores masculinos.

Desde a perspectiva dun país do sur de Europa, como España ou Portugal, vese a Finlandia como un país rico. Porén, os personaxes das súas películas son xusto o oposto: perden os seus traballos, viven na pobreza. Cales son os seus orixes sociais? Veño da clase media, o que non quita para que traballase en moi diferentes empregos, como na construción, ou tamén o que sae no filme, fixen ese mesmo traballo. Iso foi en Estocolmo onde traballei nunha fábrica de celulosa e no que caía. Dise que Finlandia é o país máis feliz do mundo, pero nunca coñecín a unha soa persoa feliz en todo o país en toda a miña vida. Só teñen en conta as estatísticas, canta xente está escolarizada, a puntualidade dos trens... Pero todos estes datos económicos non teñen nada que ver coa felicidade. Os finlandeses poden dicir que son felices, pero en realidade [fai un xesto de contrariedade] non saben como ser felices; en cambio, cando os portugueses afirman ser felices, transmiten esa felicidade.

Hai un momento no que vemos un cartaz d'*O diñeiro* (1983) de Bresson, por que hai tantos posters nos seus filmes? O meu xefe de produción é un *friki* dos carteis. Filmei a escena do cinema o mesmo día que morreu Godard. Por iso puxen os posters fóra do cinema. Foi a miña pequena homenaxe.